

## Lembranza de Vales Villamarín

ENRIQUE CHAO ESPINA \*

*Tiña nos ollos un anxo  
branco e azul como as estrelas,  
anxo que alentaba dentro  
da súa alma serea.*

*Ergueito sin repinicos,  
como un fidalgo da terra,  
era señoril no andar,  
era humilde na conversa  
porque sabía Don Paco,  
alma de bondade chea,  
que os berridos dos soberbios  
son aturuxos e area.*

*Máis que Mestre foi un Pai  
nas cidades, nas aldeas,  
abríndose en caravel  
nas Escolas e Academias  
onde se facía neno  
ou erguía sabio a testa.*

*Don Paco foi un romeiro  
de Galicia a vida enteira,  
levando o Ben por bordón,  
os escritos por estrelas,  
seus nenos por anxeliños  
e a Betanzos por vieira.*

## Betanzos

*Quixen verte de aquí, dende os nubeiros  
a solas co méu Deus, Cidade altiva,  
pirámide roseira sempre viva,  
na corda dos teus ríos e Caneiros.*

*Sempre viva nas pedras e veleiros  
pra loitar co invasor ¡xente cativa!  
ou frorir Relixión cando aquí arriba  
neste Pobo ancestral dos Cabaleiros.*

*Betanzos do verxel en escalaíra,  
que rube ó Sol no carabel das torres  
e bica ó mar coas línguas da ribeira,  
Eu quéroche cantar desta maneira:  
“—Pasaron os antergos... ti non morres  
pois ficas no Mandeo toda enteira”.*

\* Enrique Chao Espina é escritor e académico da Real Academia Galega.